

PROCESO DE ADMISIÓN 2018 - 2019

INFORMACIÓN VARIA MOI IMPORTANTE

1.- Sobre a renda per cápita da unidade familiar:

1.1. A devandita información será a que corresponda ao **exercicio fiscal anterior** en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude (**2016**)

1.2. As persoas interesadas en que sexa valorada a **renda per cápita da unidade familiar**, deberán facer constar a **cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma dos recadros 392 (base imponible xeral) e 405 (base imponible do aforro) da declaración da renda do ano 2016**. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2018.

1.3. O indicador público de renda de efectos múltiples (**IPREM**) do ano 2016 foi **6390,13 €.**, con exclusión das pagas extras.

2.- Sobre a presentación das solicitudes (Orde do 12 de marzo (DOG do 15) Art. 13.2.d):

2.1. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A súa infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2.2. O alumnado con garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

2.3. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

2.4 A solicitude poderá asinala calquera dos titulares da patria potestade, cando se refiren a fillos/as comúns dun matrimonio non separado nin divorciado ou dunha parella de feito inscrita no Rexistro de Parellas de feito de Galicia. **No resto dos casos requírese a sinatura dos dous proxenitores (agás patria potestade exclusiva ou violencia de xénero)**

3.- Sobre o criterio establecido polo centro para a baremación de admisión

De acordo co establecido nos artigos 19.i), 22 e 28 da Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15), o criterio establecido polo consello Escolar do Colexio é:

“Outorgar o punto por criterio complementario consistente noutras circunstancias relevantes apreazadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos establecidos no artigo 9.3.i) do Decreto 254/2012, en consoancia co previsto no artigo 28 (“Acreditación e valoración do criterio aprobado polos centros”) da Orde do... (DOG do ... de marzo de 2013), apartado 1, segunda aliña (“Entre tales circunstancias, poderán considerar un dos criterios xerais que detalla esta orde, que se acreditará na forma que esta establece.”), letra c), do xeito seguinte e só nestes casos, ad litteram:

“Por proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais:

Se o domicilio familiar está na área de influencia do centro ou se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está na área de influencia do centro.

Asemade, en cumprimento do previsto no propio artigo 9.3.i) do Decreto 254/2012, que ordea non só establecer o criterio senón tamén a forma de acreditación dos criterios, consonte o artigo 9.4, aplicarase o preceptuado no artigo 22 (“Acreditación e valoración do criterio de proximidade do centro educativo ao domicilio familiar ou lugar de traballo dos proxenitores ou titores”) da Orde que o desenvolve no que corresponda, agás na escala, onde á puntuación que se indica se lle engadirá o punto decidido polo colexio.”